




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O OBSERVATORIO DE DEREITO PÚBLICO IDP BARCELONA E A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E A PARTICIPACIÓN NO FORO DAS AUTONOMÍAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

DECLARA:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten previsto formalizar co Observatorio de Dereito Público IDP Barcelona, o instrumento convencional, arriba referido, por un período de vixencia que abarca dende o día da firma do convenio ata o día 31 de decembro de 2016.

Que o obxecto do instrumento convencional é a participación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión de seguimento do Informe das Comunidades Autónomas (ICA) e a súa presenza nos debates do Foro da Autonomía así como a entrega de trinta exemplares impresos do Informe e a súa versión electrónica.

Estes proxectos teñen por obxecto promover o debate e a discusión de alto nivel entre o mundo académico e o político-institucional en relación ao desenvolvemento actual do Estado Autonómico en España.

Que existe converxencia de intereses entre as actividades asinantes en orde á consecución de obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar fundaméntanse no seguinte:

O Observatorio de Dereito Público, IDP Barcelona, consorcio de Dereito Público, realiza unha actividade de investigación académica do Dereito Público, coa elaboración dun informe das Comunidades Autónomas.

Este Informe das Comunidades Autónomas escolle cada ano aspectos destacados do sistema autonómico para o seu estudo e debate entre os membros dos propios gobernos que participan no Informe e expertos nos temas elixidos. O debate sobre estes temas realízase no Foro das Autonomías e os estudos inclúense no informe como artigos monográficos. A decisión sobre os temas de cada ano adóptase na reunión da Comisión de Seguimento do Informe, que integran os directores do mesmo e os representantes dos gobernos autonómicos que lle dan apoio.





Para o Informe de 2015, xurdiron diferentes propostas entre as que destacaron o procedemento do artigo 33.2 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional para evitar conflitos de competencias e a posible reforma constitucional do sistema autonómico.

Á vez organizaranse unhas xornadas baixo o título “Foro das Autonomías”, dirixidas a promover o diálogo académico e político en torno ao desenvolvemento do Estado autonómico español.

Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materias de relacións institucionais e parlamentarias, sendo unha das súas liñas de actuación o seguimento e estudo, desde un punto de vista competencial, da produción normativa do Estado e doutras comunidades autónomas, así como a realización de informes e propostas de inicio de procesos de conflitividade constitucional.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en colaborar co Observatorio de Dereito Público por considerar que os obxectivos do informe e as Xornadas promovidas polo Instituto de Dereito Público de Barcelona converxen cos seus propios no referente á análise, investigación e promoción do modelo territorial español, e estima de utilidade para os seus fins institucionais participar no financiamento e organización dos devanditos proxectos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a 3 de maio de 2016.

